

Castelao




Exposición elaborada polo alumnado de 1º de Bacharelato con motivo do 75º aniversario do pasamento de Castelao, en colaboración coa Biblioteca e os Departamentos de Lingua e Literatura Galega e Lingua e literatura castelá.

Castelao, a alma de Galicia



Cando pensamos en Castelao, que se nos vén á mente? Seguramente a súa famosa caricatura de gafas e pipa, alta e traxeada. Pero esta figura esconde a historia dun personaxe simbólico de Galicia, que amaba a súa terra e expresaba o seu amor a través da arte, libros e mesmo a política. Entón, quen foi Alfonso Rodríguez Castelao?



Biografía:

Castelao é a figura máis importante da cultura galega do século XX. Nel fúndense as facetas de pintor, debuxante, narrador, dramaturgo, ensaísta e político galeguista.

Naceu en Rianxo, Galicia, e cando viviu en Pontevedra, estivo aloxado na rúa da Oliva. Unha das súas ideas máis orixinais apareceu na revista Nova Galiza, onde debuxou un escudo moi especial con dúas figuras: a serea dos Mariño, familia galega, e unha fouce que representaba o traballo no campo. Realizou esta imaxe inspirándose nos antigos escudos da Praza do Teucro de Pontevedra.



A morte de Castelao

Castelao morreu enfermo o 7 de xaneiro de 1950 en Bos Aires, Arxentina.

Tanto no velorio, que se celebrou no Centro Galego de Bos Aires, como no enterro, houbo unha grande afluencia de persoas que acudiron para testemuñar a súa dor. O cortexo fúnebre paralizou o tráfico dunha das avenidas máis grandes da cidade, pois o cadaleito ía acompañado dunha ducia de carrozas cheas de ofrendas florais.



Castelao foi censurado polo réxime franquista incluso no seu pasamento.

Así, a Dirección Xeral de Prensa, naquel 1950, enviou aos xornais españois a orde explícita de que, en caso de que se publicasen noticias sobre a morte do artista, estas deberían ser breves, non aparecer en portada e non conter mencións aos seus textos ou álbumes de debuxos. A razón: Castelao era unha figura molesta para a ditadura, tanto pola súa actividade política, como pola súa crítica á represión franquista e á Guerra Civil.

La Voz de Galicia foi un dos primeiros medios que informaron da súa morte. Na súa crónica, evitaron mencionar o seu activismo político, describíndoo unicamente como «ilustre literato y caricaturista gallego».

A morte de Castelao

Comunicado da Dirección Xeral de Prensa do Goberno de España aos xornais o 8 de xaneiro de 1950, tras saber da morte de Castelao en Bos Aires:

«Habiendo fallecido en Buenos Aires el político republicano y separatista gallego Alfonso Rodríguez Castelao se advierte lo siguiente:

La noticia de su muerte se dará en páginas interiores y a una columna.

Caso de insertar fotografía, esta no deberá ser de ningún acto político.

Se elogiarán únicamente del fallecido sus características de humorista, literato y caricaturista.

Se podrá destacar su personalidad política, siempre y cuando se mencione que aquella fue errada y que se espera de la misericordia de Dios el perdón de sus pecados.

De su actividad literaria y artística no se hará mención alguna del libro "Sempre en Galiza" ni de los álbumes de dibujos de la guerra civil.

Cualquier omisión de estas instrucciones dará lugar al correspondiente expediente»

Castelao, a alma de Galicia




Pero Castelao non só viviu en Pontevedra, Galicia...

A emigración e o exilio marcarán profundamente a súa vida e personalidade. Durante a súa infancia, viaxa a Arxentina para reunirse co seu pai, que emigrara anos atrás na procura de traballo. Estes anos despertaron nel unha sensibilidade artística e social que se reflicte na súa obra. Relatos como “O segredo” e “O Inglés”, incluídos no seu libro *Retrincos* (1934), son algúns exemplos.



O 20 de xuño de 1938 tivo que marchar a Nova Iorque, nos Estados Unidos, mais nesta cidade só aguantou un ano porque afirmaba que non se sentía a gusto.

Malia isto, publicou un libro de debuxos chamado *Milicianos*, que falaba dos soldados da Guerra Civil Española.



Pero, por que foi a Nova Iorque? O seu obxectivo era viaxar por América para levar a cabo unha campaña de axuda á República española. Isto resultou ser un éxito. Foi cara a Cuba para conseguir o mesmo obxectivo e levalo a máis xente.

Así, Castelao chegou a Cuba, La Habana, xunto a súa muller, Virxinia Pereira, en novembro de 1938.



A ARTE DA LOITA POR GALIZA

CASTELAO NA POLÍTICA



Castelao non só empregou a súa pluma para debuxar ou escribir; boa parte da tinta do seu tinteiro ía destinada á defensa do seu pobo galego, construíndose unha grande reputación na política.

Relevancia na política

A súa etapa de maior actividade como político en España foi dende 1931 ata 1936, na II República. Durante este tempo, tratou de defender a identidade e pobo galegos. Así, axudou a fundar o partido político **"o Partido Galeguista"** e participou na campaña polo si no Estatuto de Autonomía.



"Vale máis unha terra con
árbores nos montes ca un estado
con ouro nos bancos"



Como dixemos, en 1938 viuse obrigado ao exilio en Nova Iorque, pola derrota republicana na Guerra Civil.

En 1940 aséntase en Bos Aires, onde foi o representante de Galicia nas institucións de exiliados que apoiaban a República española.

A ARTE DA LOITA POR GALIZA

CASTELAO NA POLÍTICA



SEMPRE EN GALIZA

En 1944 publica a súa obra ensaística máis importante: *Sempre en Galiza*. En resumo, esta obra expresa todas as ideas que tiña Castelao sobre o galeguismo, presentando a Galiza como unha **nación**.



economía
específica

Idioma
propio

NACIÓN

tradicción
cultural

territorio
diferenciado

El buscaba un modelo político que respeitase a autonomía e os dereitos das distintas rexións da Península Ibérica, pero sen propoñer a independencia destas.

Pero... isto confróntase co sistema da época no que Madrid impoñía unha autoridade única...

Así, por ser un símbolo de resistencia cultural e política contra a ditadura, será censurado ata a súa morte.

Castelao loitaba por estas ideas pois segundo el:

**"O heroísmo consiste en trocar os
anceios en realidades, as ideas en feitos."**



Selo e
sinatura
do censor

OS VELLAS DEBEN NAMORARSE?

OBRA TEATRAL



Castelao soubo como responder a esta pregunta, e advirte como Os vellos NON deben namorarse na súa única obra teatral (pode que fose única,, mais tamén se di que foi a mellor da súa época).

ARGUMENTO

A obra presenta tres versións dun mesmo drama: un vello namorado dunha moza.

Pero... por que os vellos non deben namorarse, Castelao?

Pois porque non foi a un, senón que aos tres vellos se lles apareceu a morte como personaxe advertindo as dramáticas consecuencias do seu namoramento.




Como non podería ser doutra maneira, os tres vellos non seguiron este aviso. Por iso, ao final da obra aparecen convertidos en esqueletos e láianse pola súa imprudencia.

OS VELLOOS DEBEN NAMORARSE?

OBRA TEATRAL




A MÁSCARA



Os vellos non deben namorarse foi a primeira obra galega con caroutas. Castelao recibiu a influencia do *Teatro da Arte* de orixe italiana, que o autor viu por primeira vez en París.

As máscaras da obra, construídas polo mesmo Castelao, eliminaban os xestos da cara, a mímica, polo que conseguía a non identificación entre o actor e o personaxe. Así, as máscaras fan imaxinar, soñar, e pode verse ao actor coma unha especie de monicreque.

A máscara "é a síntese característica dos trazos do personaxe, e debe eliminar todo o superfluo" dixo Castelao.



TRAZO, LOGO EXISTO

OBRA PLÁSTICA



A obra plástica de Castelao inclúe obras moi diversas. Nelas espértase a voz de Galiza, pois en cada trazado vive o espírito da nosa xente. E que fixo Castelao para recoller esta esencia? Pois simplemente retratou a vida do seu pobo, sen adornos e sen censuras. Non tivo medo de denunciar as inxustizas e mesmo celebrar as tradicións e loitas da nación.

OBRAS

Castelao realmente disfrutaba de debuxar en pequenas ilustracións, por iso fixo moitísimas viñetas e caricaturas. Ademais, costumou mesturar o trazo e a palabra en varias das súas obras como *Atila en Galiza* e o *Álbum Nós*, de maneira que un pequeno texto comezou a acompañar a súas ilustracións. Ademais, tamén fixo algunhas pinturas e acuarelas. Agora aprofundaremos en todas estas.

CARICATURAS.

Esaxerando o inesaxerable.



Castelao interesouse polas caricaturas. Nelas empregaba o humor galego e a ironía para criticar a política. Facía debuxos simples onde esaxeraba as características máis chamativas da persoa retratada, representando os seus defectos e virtudes.



saberías dicir quen
son estes personaxes?

1

Valle Inclán

2

Beethoven

3

Vicente Risco

TRAZO, LOGO EXISTO


OBRA PLÁSTICA



VIÑETAS Un debuxo vale máis que mil palabras

As viñetas de Castelao eran narrativas e visuais, pois eran sinxelas e, sobre todo, buscaban contar historias.

Vendo estas viñetas, sabes que historias contan?



Nin máis nin menos que as nosas:
as historias do pobo galego.

As súas viñetas de guerra retratan o sufrimento das vítimas e a violencia e represión do réxime. A través destes elementos, Castelao denunciou as inxustizas da súa época e defendeu aos máis vulnerábeis.



TRAZO, LOGO EXISTO

OBRA PLÁSTICA



Castelao escribe tres álbums gráficos de denuncia social. Estes son Galicia mártir, Atila en Galiza e Os Milicianos.

GALICIA MÁRTIR. Unha terra que chora

Galicia Mártir é o primeiro álbum gráfico de Castelao publicado en 1937, en plena Guerra Civil. Nel, o autor mostra a violencia dos franquistas. Represéntase Galicia como unha terra sometida e martirizada con símbolos como unha nai que chora ou un campesiño humillado.

A derradeira lección do Mestre

A derradeira lección do mestre foi un cadro que nunca debeu existir, e que ata fai ben pouco, desde que foi pintado en 1945, estivo en Galiza.

Castelo pintou este cadro en homenaxe a Alexandre Bóveda, amigo persoal seu, fusilado polos golpistas en Poio, o 17 de agosto de 1936, aos 33 anos. A obra incluíuse como estampa do libro *Galicia Mártir*.

Ademais, fai lembrar que foron moitos os mestres asasinados -e moitos máis os represaliados- polo labor de anovamento pedagóxico e concienciación cidadá que estaban a facer nas novas xeracións galegas.



TRAZO, LOGO EXISTO

OBRA PLÁSTICA





ATILA EN GALIZA. Hunos, pero sen espadas

Atila en Galiza é o segundo álbum gráfico no que Castelao critica a opresión baixo o franquismo.


Pero faino dunha forma
un tanto especial...

Emprega unhas figuras grandes e feroces, de rasgos esaxerados, que semellan máis bestas que humanos. Estes son os hunos; e o seu líder, Atila,

ou dende os anteollos de Castelao,
os opresores de Franco.



OS MILICIANOS Un exército, pero sen soldados




O último álbum gráfico de denuncia de Castelao é *Os Milicianos*. Nel presenta aos milicianos, homes do pobo, de aparencia sinxela e realista, pero aínda así dispostos a loitar polos seus.



Quen serán estes Milicianos?
Certamente, os galegos,
que sofren a explotación e a pobreza.

TRAZO, LOGO EXISTO

OBRA PLÁSTICA



DEBUXOS DE NEGROS Non todo é branco e negro

Cando Castelao chegou a Cuba, quedou abraiado coa cultura cubana e, sobre todo, coas sociedades de persoas negras. Grazas a este interese, fixo doce debuxos e cambiou a súa técnica. Así, nos primeiros debuxos, as persoas de razas non europeas eran retratadas como algo exótico, con estereotipos e rasgos esaxerados.



En cambio, nas últimas obras a figura negra comeza a verse máis

humanizada e incluída na loita social e política en contra da opresión.

TRAZO, LOGO EXISTO

OBRA PLÁSTICA



PINTURAS

Por último, Castelao tamén fixo algunhas pinturas e acuarelas nas que se escenifican temas da vida cotiá e da cultura e a paisaxe galegas, sempre co trasfondo de denuncia social e política. Moitas destas obras consérvanse no Museo de Pontevedra.




TRAZO, LOGO EXISTO

OBRA PLÁSTICA



ÁLBUM NÓS. Querido diario...



O álbum *Nós* é unha obra realizada por Castelao entre os anos 1916 e 1918. Está composto por 49 estampas acompañadas de textos breves. Nelas, Castelao aborda temas como a desigualdade, a explotación dos campesiños galegos e a corrupción política, ao mesmo tempo que reivindica a identidade galega e a necesidade de recuperar a cultura e tradicións do pobo galego. Con todo isto, reflíctese a si mesmo.



— Eu non quería morrer alí,
¿sabe, miña nai?



O RETRATO DO POBO GALEGO

COUSAS DA VIDA

Imaxina un mundo onde as cousas da vida non son o que parecen, onde cada pequena historia oculta unha lección ou un sorriso irónico. Iso é *Cousas da vida* de Castelao, un libro que mestura reflexións profundas con toques de humor, e que nos fai ver a realidade dunha maneira ben diferente.


Na obra de Castelao *Cousas da vida* fálase de forma crítica, pero irónica, da situación social de Galicia naquela época, como a pobreza, a emigración, a identidade galega...

E como facía para non meterse en problemas? Debuxando viñetas ilustradas acompañadas de textos breves con humor, xa que nesa época estaba mal visto burlarse da autoridade e estar a favor de pobo.



Con esta obra, Castelao xuntou a arte coa liberdade de expresión a favor do pobo galego, debuxando varias viñetas con escenas que representaban estas inxustizas vividas, pero sempre desde un lado humorístico. Que mellor maneira de afrontar as dificultades que con humor e ironía?

A editorial Galaxia publicou as *Cousas da vida* clasificando as viñetas por temáticas:



O RETRATO DE POBO GALEGO

COUSAS DA VIDA

CACIQUISMO reis sen coroa pero con cartos




Ao longo da obra atópanse debuxos duns señores ben matidos, ben vestidos e cun gran puro na boca e mais o chapeu. Estes son os caciques. Persoas que teñen a barriga chea, non por comer do seu propio traballo, senón do traballo dos demais, daqueles dos que abusaban. Beneficiábanse da situación política e social das aldeas, manipulando as eleccións e prometendo favores que logo non cumprían.

**"Os caciques son parasitos
dun sistema de pura apariencia
democrática"**

Castelao

Na obra *Cousas da vida*, están ben representados os caciques, felices e satisfeitos cun pobo na miseria ás súas costas. Isto só fai referencia a un dos temas principais que quere transmitir Castelao: loitar contra as opresións dunha política inxusta e corrupta por estes reis sen coroa, pero co mesmo poder.





O RETRATO DE POBO GALEGO

COUSAS DA VIDA

VELLOS Sabios pero esquecidos

Castelao fixo que mirásemos aos vellos dunha maneira diferente, xa non só polo que contan de cando eran mozos, senón tamén por sabios, con moita máis cabeza que calquera de nós. Eles observan a vida con moita calma, case como se todo fose máis sinxelo. E se nos fixamos ben, sempre teñen algo intelixente que dicir cando parece que todo vai mal



Castelao tamén amosa a parte triste dentro das súas viñetas: os vellos son ignorados pola sociedade, incluso polas súas mesmas familias. Aínda que loitan contra a soidade e o abandono, nunca perden esa capacidade de reflexionar e darnos leccións, aínda que sexa en silencio.

Agora ao ver isto, que pensas dos vellos?


O RETRATO DE POBO GALEGO

COUSAS DA VIDA

NENOS *Infancia perdida, soños sen cumprir*

Cando somos pequenos, sempre nos fan a pregunta de que nos gustaría ser de maiores. Pero, e se non puidésemos responder? E se non puidésemos facer o que nos gusta?

Castelao tamén fala sobre a nosa xeración, os nenos pobres e de condición humilde, e como nesa época apenas podían pensar en ter soños.



—A ti no te pusieron nada los Reyes, porque tu papá es republicano, ¿sabes?



Nas súas viñetas presenta como os máis pequenos teñen que someterse a unha vida adulta con traballos forzados como consecuencia da pobreza e da emigración.

Entón, que che gustaría ser de maior?
Ti podes responder a esa pregunta?
Os nenos labregos ou mariñeiros
debuxados en Cousas da vida, non.






O RETRATO DE POBO GALEGO

COUSAS DA VIDA

ANIMAIS Fábulas que se fan reais

A presenza de animais en *Cousas da vida* ten un forte significado. Sóache a fábula do lobo e o carneiro? Pois nas súas viñetas, Castelao debuxou a un lobo simbolizando ao poderoso, e o carneiro ao débil e humilde, unha metáfora sobre o abuso de poder e as inxustizas.



Outro dos seus debuxos habituais son os burros, que representan a falsa intelectualidade daqueles que recibiron educación, pero que seguen sendo ignorantes. Todo isto metaforicamente, pois Castelao non quería burlarse dos pobres burros...

En conclusión, o que quería deixar claro é que a realidade social desa época non era tan diferente ao que nos contaban de pequenos con esas fábulas que representan os vicios, as hipocrisías e as inxustizas.


Quería demostrar que as fábulas non son só para nenos, senón que serven para concienciar a todos, independentemente da idade.

O PAPEL FALA


CASTELAO, TRAZO E PALABRA NA PRENSA

Cando pensamos en Castelao, vénsenos á cabeza moita cousa: un grande debuxante, un escritor, un defensor de Galicia... Pero, ás veces, esquecemos que tamén estivo moi presente na prensa, escribindo, opinando e debuxando para que a xente reflexionase, sorrisse e, sobre todo, pensase no país.


Castelao tivo tanto éxito coas súas obras, que a prensa comezou a colaborar con el, publicando os seus debuxos e obras en revistas coma "Nós" ou en xornais como "A Nosa Terra".



Actualmente, as súas obras seguen sendo relevantes dentro da prensa actual como un dos grandes referentes culturais e políticos de Galicia.



Dentro deste sector, foi destacado grazas á súa obra *Sempre en Galiza*, que defendía a identidade galega e mostraba a situación de inxustiza e malos tratos que vivían os galegos por culpa da política corrupta.



TRAZO, LOGO EXISTO

OBRA PLÁSTICA: CARICATURAS

1



2



(1912?, Castelao: *Galicia y Valle-Inclán*, Lugo, 1971).

3



Vicente RISCO
(*El Sol*, 13-VIII-1919)

4



(1916?, Castelao: *Algo acerca de la caricatura*, Pontevedra, ¿1916?).



(1920, Castelao: *Humorismo, Dibujo humorístico. Caricatura*, A Coruña, 1961)


TRAZO, LOGO EXISTO

DEBUXOS DE NEGROS

5



6



7



8



TRAZO, LOGO EXISTO

OBRA PLÁSTICA: MILICIANOS, ATILA EN GALIZA, GALIZA MÁRTIR

9



LE MATARON UN HIJO.
ON LUI TUA UN FILS.
THEY KILLED HER SON.
DE DÖDA HENNES SON.

10




11



A LUCHAR POR EL HIJO.
TO FIGHT FOR HIS SON.

12



LA ÚLTIMA LECCIÓN DEL MAESTRO.
LA DERNIÈRE LEÇON DU MAÎTRE.
THE TEACHER'S LAST LESSON.


TRAZO, LOGO EXISTO

OBRA PLÁSTICA: AUTOCARICATURAS

13



14



15



16



TRAZO, LOGO EXISTO

OBRA PLÁSTICA



17



18



19

OS VELLOOS DEBEN NAMORARSE?

OBRA TEATRAL



20



21



22



COUSAS DA VIDA, O RETRATO DO POBO GALEGO

23



—As medicinas son boas, pero non temos porque decir que saben ben.

3

24



—Nós, os mariñeiros, non enganamos a ninguén.
—E logo, ¿non engañades aos peixes?

25



—Emplear dinamita contra os peixes, que son tan inocentes...
—¡Iso non é de homes!

6


26



—Hai analfabetos moi listos.
—Tamén hai sabios moi burros.

COUSAS DA VIDA, O RETRATO DO POBO GALEGO

27




—Yo nunca sentí la necesidad de saber gallego.
—Es que esa necesidad no se siente en la barriga.

28




—Non debiamos morrer.
—Non debiamos; pero hai que deixarlle sitio aos rapaces.

29



— (Lendo). "El país está cansado...".
— Pero non están cansados os políticos.

30



—Disque non hai diñeiro pra o ferrocarril.
—¿Pois logo que fan cos cartos que nós lle damos?

COUSAS DA VIDA, O RETRATO DO POBO GALEGO

31



Non está morto; está borracho!

32




—O noso candidato vale moito, ¡moito!
—¿E cómo se chama?
—Home..., non me acordo.

33



Este pandeiro que toco
antes soaba mellor,
se queres que soe ben
lévallo ao gobernador.


34



—Xa que non se pode falar, tocaremos.


COUSAS DA VIDA, O RETRATO DO POBO GALEGO

35




O SAPO.—Pensan os galos que o día ven porque cantan eles.

36



—Os homes non queren ser burros.
—Queren ser leóns, tigres, panteras, elefantes...

37



—¿Que me das e son teu mozo?
— ¿Eu? Eu douche unha labazada.

38



— Para ti é un ano máis; para min é un ano menos.


COUSAS DA VIDA, O RETRATO DO POBO GALEGO

39




— ¡Como che van poñer o corpiño en canto baixes!

40




— Se me tocasse a min a lotería compraba pan...

41



¡Po! ¡Po! ¡Po!

42



O ESCOLANTE ANDALUZ: ¿Cuánto año tiene?
— Non temos año ningún; temos unha ovella.

COUSAS DA VIDA, O RETRATO DO POBO GALEGO

43



— O "maestro" pegoume hoxe moito ¿sabes?

44




— ¿E logo non queres traballar?
— Xa lle dixen a meu pai que me compre un acordeón.

45



— Boeno... ¿E logo como son os cangrexos de Madrid?
— Encarnados.

46



— O home que máis sabe no mundo é o noso mestre.
¡Hai que ver canto sabe!

Bibliografía

Castelao, Cousas da vida. Nenos, Editorial Galaxia, Vigo, 1989
Castelao, Cousas da vida. Vellos, Editorial Galaxia, Vigo, 1989
Castelao, Cousas da vida. Animais, Editorial Galaxia, Vigo, 1989
Castelao, Cousas da vida. Caciques, Editorial Galaxia, Vigo, 1989
Castelao, Galicia mártir. Atila en Galicia. Milicianos. Estampas por Castelao, Ed. A nosa terra, Vigo, 1995.
Castelao, Cousas da vida II, Editorial Galaxia, Vigo, 1978
Castelao, Cousas da vida III, Editorial Galaxia, Vigo, 1978
Castelao, Cousas da vida IV, Editorial Galaxia, Vigo, 1978
Castelao, Cousas da vida VI, Editorial Galaxia, Vigo, 1978
VVAA. A nenez galega a través dos ollos de Castelao, Deputación de Pontevedra, 2015.
VVAA. Protagonistas da historia. Castelao, Ed. A nosa terra, Vigo, 1999.
González Pérez, Claudio. Castelao: caricaturas e autocaricaturas. Edicións do Castro, A Coruña, 1986.

Fontes web

<https://guiacastelao.home.blog/>
<https://www.descubrirelarte.es/2016/05/31/castelao-artista-los-fundamentos-de-su-estilo.html> https://castelao.swred.com/mascara_oleo_papel_mache_castelao.htm
<https://es.wikipedia.org/wiki/Castelao>
<https://emigracion.xunta.gal/es/conociendo-galicia/aprende/biografia/alfonso-daniel-rodriguez-castelao>
https://www.afundacion.org/es/coleccion/autor/rodriguez_castelao_alfonso_daniel
<https://historia-arte.com/artistas/alfonso-daniel-rodriguez-castelao>
https://gl.wikipedia.org/wiki/Galicia_martir
https://gl.wikipedia.org/wiki/Atila_en_Galicia
<https://gl.wikipedia.org/wiki/Milicianos>
<https://www.elmundo.es/espana/2025/01/13/6783e52f21efa0ec688b458a.html>
https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/opinion/2019/06/18/castelao-mito-politica/0003_201906G18P15994.htm
<https://castelaonarede.wordpress.com/castelao-artista/debuxos-de-negros>